

RESOLUCIÓN DA OFICIALÍA MAIOR POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS E SE DESIGNAN AOS MEMBROS DA COMISIÓN DE MÉRITOS

O 24 de abril de 2023, publicouse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia o Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de abril de 2023, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases do concurso para a provisión dun posto de traballo na Intervención e Asuntos Económicos.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no concurso e de conformidade coas bases do concurso aprobadas xunto coa convocatoria por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de abril de 2023,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

Relación de aspirantes admitidos provisionalmente:

Non hai.

Relación de aspirantes excluídos provisionalmente:

Nome	DNI	Causa (*)
García Rodríguez, Teodoro	***1406**	1
Suárez Rodríguez, Jorge	***5090**	1

(*) Supostos de exclusión:

(1) Non cumprir o requisito exixido na base terceira da convocatoria: presentar unha relación na que se enumeren os méritos que desexe acreditar (Anexo II).

SEGUNDO. Publicar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, así como a composición da comisión de méritos, na páxina web do Parlamento de Galicia, <http://www.parlamentodegalicia.gal/Institucion/ProcedementosSelectivos>.

As persoas excluídas dispoñen dun prazo de dez días hábiles, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio na sede electrónica, para formular reclamacións ou subsanar os defectos que motivasen a exclusión.

As persoas que, no prazo sinalado, non reparen a causa de exclusión ou aleguen a omisión quedarán definitivamente excluídas.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O letrado oficial maior.